

Indicacións Técnicas PDA 2023/24

Estimado/a Decano/a, Director/a de Centro,

Dende o día 28 de febreiro de 2023 ao 18 de marzo de 2023, estará aberta a aplicación PDA en <http://xescampus.uvigo.es> para a introdución de datos da PDA do/s grao/s do seu centro para o curso 2023/24.

Debe, por tanto, acceder a dita páxina mediante o acceso personalizado. Unha vez no sistema, accédese á devandita aplicación mediante dous enlaces sucesivos chamados 'planificación docente' e 'planificación'.

Unha vez no módulo, atoparase un buscador de plans de estudo. Vostede debe acceder a todos os plans de estudo de Grao vixentes no seu Centro, tal como se establece nos seguintes apartados:

1. BUSCA DE ESTUDOS

Plan(s) de estudos de Grao:

Debe seleccionar o curso (por defecto 2023/24) e o tipo de estudo (Grao). O máis rápido podería ser introducir os tres primeiros díxitos correspondentes ao seu Centro, na terceira casa que indica "Buscar por", sabendo que nos graos o dito código empeza por unha letra. No campus de Ourense os códigos empezan por O, no de Pontevedra por P e no de Vigo por V. Tamén pode utilizar o '%' e introducir unha cadea de busca. Obviamente, debe facer o mesmo para **todos** os estudos de grao que se imparten no seu Centro. Aqueles cursos dos estudos en proceso de extinción, que xa non teñan dereito a docencia ou a exame, non aparecen na PDA.

2. EDICIÓN DA PDA.

A. Obtención do informe previo.

O procedemento mencionado no apartado anterior da acceso para cada titulación a unha páxina na que se listan todas as materias que teñen docencia nesa titulación e cada unha con dous enlaces, PDA e POD (de momento, este último inactivo). Ás veces, pode atopar materias que non pertencen ao plan de estudos, porque constitúen o primario dun grupo de materias. É recomendable obter un informe que se atopa na parte inferior desta páxina, chamado 'informe de PDA', ben en texto ou ben en formato activo excel. Neste último informe, poderá atopar as materias do plan e as súas características de docencia, como por exemplo, o departamento encargado, o posible desagregación por horas e grupos, se se trata dunha materia con docencia, sen docencia ou se esa docencia está agrupada noutra materia primaria, etc.

Para facilitar o traballo mantívose a información correspondente ao curso 2022/23 (departamento, grupos e horas), sen que esta información sexa vinculante.

Cómpre indicar que xescampus.uvigo.es utiliza como separador decimal o punto en vez da máis habitual coma. Pode que a mellor opción para manexar o documento excel sexa substituír todos os puntos do documento por comas. Este

informe leva incorporadas as fórmulas precisas para o cálculo dos parámetros de estudo da titulación cara á súa aprobación pola COAP; é dicir, a porcentaxe de horas presenciais, o tamaño medio de grupo (TMG), o número de ECTS matriculados expresados en horas (H.MATRIC) e o global de horas a impartir (H.IMPART).

B. Edición do PDA de Materias de Grao.

Lembre unha vez máis que nos cursos xa implantados a Xunta de Centro **pode modificar o departamento encargado, as horas e os grupos de docencia**. No caso do curso a implantar deberá, en primeiro lugar, designar o/s departamento/s encargado/s da docencia e, a continuación, as horas e grupos a impartir.

Unha vez dispoña dunha simulación válida para a titulación, deberá utilizar o enlace que atopará á beira de cada materia chamado PDA, e incluír as horas e os grupos de docencia, se non coinciden cos do curso anterior. Cando faga isto, o número que atopa baixo o epígrafe 'Horas Impartir' da figura anterior vai incorporando os novos datos do PDA, de xeito que ao final baixo o epígrafe 'Diferenza' estarán aquelas que o centro non utiliza para a elaboración da PDA.

A suma das “Horas a impartir” de todas as titulacións de grao pertencentes ao Centro non pode superar o número de horas asignado a dito Centro (achégase o documento HORAS A IMPARTIR 2023-2024.pdf). **As novas titulacións de grao solicitadas computan independentemente, e a proposta aprobada activarase no momento de recibir a autorización pertinente.**

Unha vez aprobado pola Xunta de Centro, ata o 18 de marzo de 2023, **será preciso pechar a aplicación premendo o botón correspondente (‘Aprobación PDA’) que atopará na parte superior da aplicación**. A partir deste momento non se poderán facer mais modificacións, agás que se abra un novo período para facer os cambios que indique a Vicerreitoría ou solicite a COAP. A 'Aprobación PDA' afecta a todas as titulacións do Centro, así que debe facer isto ao rematar o PDA de **todas** as titulacións de grao que se impartan no Centro

Para calquera dúbida ao respecto pode dirixirse ao director de área de titulacións, David Patiño Vilas no enderezo direc.titulacions@uvigo.es ou ben no teléfono (986) 813433.

Vigo, 27 de febreiro de 2023